



*Una vida salvada merece ser vivida
con dignidad*

Infórmate > Noticias

Noticias

Volver



(files/mscfegadace/2023-10/2-19-37-16.admin.Sesion_GrupoDeteccionBarreiras.png)

© FEGADACE | 02/10/2023 | Sesión sobre accesibilidad.

O Proxecto Rumbo cumpre o seu segundo ano con 233 beneficiarias directas

O impacto indirecto supera as 2.000 persoas entre familias, profesionais e axentes sociais.

02/10/2023

 (<http://www.facebook.com/sharer.php?u=https%3A%2F%2Fwww.fegadace.org%2Fproxecto-rumbo-cumple-segundo-ano-con-233-beneficiarias-directas-gal.html>) 

As actividades organizadas e os servizos prestados pola Federación Galega de Dano Cerebral no marco do '**Proxecto Rumbo: cara un modelo de autonomía persoal conectada e inclusiva'** (<https://www.fegadace.org/proxecto-rumbo-novo-modelo-de-vida-independente-para-a-discapacidade-gal.html>) beneficiaron de forma directa a **233 persoas** entre setembro de 2022 e xuño de 2023.

Durante o segundo dos tres anos que durará a iniciativa, desenvolto a nivel estatal por **22 entidades de cinco confederacións** do terceiro sector da discapacidade (**COCEMFE** (<https://www.cocemfe.es/>)), **ASPACE** (<https://aspace.org/>), **PREDIF** (<http://PREDIF>), **FEDACE** (<https://fedace.org/>) e **AUTISMO ESPAÑA** (<https://autismo.org.es/>)), desenvolvéronse diversas accións co obxectivo de impulsar o deseño de modelos innovadores de apoio á autonomía persoal, a vida independente e a participación social de persoas con discapacidade.

En concreto, no caso de FEGADACE, as actuacións orientáronse cara a catro grandes eixos: os **servizos sociosanitarios de proximidade**, os servizos de apoio comunitario para a **participación e promoción da cidadanía activa**, o servizo de **vivendas de transición á vida independente**, e o servizo de **adecuación e personalización da vivienda**.

Perfil das persoas beneficiarias

O Proxecto Rumbo formula un **novo modelo** de apoio á autonomía persoal e ao coidado de persoas con discapacidade mediante a combinación de servizos e recursos que impulsan a vida independente en condicións de seguridade, accesibilidade e benestar. Un propósito que se reflicte no perfil das 233 persoas beneficiarias.

Do total delas, **59 son persoas con DCA**, mentres que as outras **174 son profesionais sociosanitarias e persoas coidadoras informais** que asistiron ás diferentes accións formativas desenvoltas. En coherencia co espírito do proxecto, concibido para atender a aquelas persoas que non teñen ou non poden acceder a recursos sociosanitarios adaptados ás súas necesidades, a totalidade das persoas con discapacidade teñen grandes necesidades de apoio. Ademais, nun **20% dos casos** as persoas favorecidas atópanse nunha **situación de especial vulnerabilidade**, xa sexa por risco de pobreza o exclusión social, pertenza a unha minoría étnica ou por violencia machista.

No que respecta ao xénero das persoas que se viron beneficiadas dalgunhas das actuacións realizadas ao abeiro da iniciativa, **182 son mulleres e 80 son homes**. Tamén é destacable que un **62,7%** das persoas atendidas e/ou participantes nas actividades do proxecto teñen **máis de 64 anos** e que **un 85%** das que recibiron atención directa viven en **entornos rurais**.

Igualmente, é importante destacar que a dimensión da iniciativa transcende de forma significativa a quen se involucraron en primeira persoa. Así, indirectamente **32 familiares** de persoas con DCA e unha **ampla rede de axentes comunitarios** (servizos de proximidade, empresas locais, asociación veciñais, centros educativos, tecido empresarial local etc) e de persoal da administración pública, estiveronalgún o doutro xeito implicadas no proxecto. Deste xeito, pódese cuantificar o seu **impacto na poboación por enriba das 2.000 persoas.**

Participación nas diferentes liñas de acción

Se atendemos ás diferenzas cuantitativas segundo a **liña de acción**, cómpre sinalar que a maior parte das persoas, **un 83% do total**, beneficiouse de **accións dos servizos sociosanitarios de proximidade**. A intensidade do labor prestado neste campo reflíctese nos máis de **5.000 km percorridos** durante a **fase de difusión** do servizo e os más de **12.200 km realizados** polo equipo profesional durante os seis primeiros meses do 2023 para prestar **atención a domicilio** en zonas rurais.

Ademais, 26 persoas (11% do total) estiveron implicadas en accións do **servizo de apoio comunitario para a participación**, entre as que se atopan actividades de ocio e deporte inclusivo ou a promoción dunha rede autonómica de persoas con DCA orientada a favorecer a súa autodeterminación.

Tamén 22 persoas (un 9% do total) foron parte do traballo realizado até o de agora no relativo ao **servizo de vivendas de transición á vida independiente**. En concreto, as participantes son profesionais de FEGADACE e das entidades que a conforman que cursaron unha formación orientada a capacitar persoal sociosanitario para exercer **asistencia persoal**.

Finalmente, nas actuacións enmarcadas no **servizo de adecuación e personalización da vivenda** involucraronse 3 persoas. Esta pequena cifra débese a que FEGADACE non conta con equipo nin servizo específico neste aspecto, nin tampoco orzamento asignado para este fin. Porén, decidiuse traballar na identificación de necesidades de adecuacións de espazos/vivendas das persoas con DCA que están a ser atendidas a través dos servizos de proximidade e apoiarllas para que estas poidan ser realizadas. Para a materialización deste apoio, a Federación acordou con **COGAMI**, (<https://www.cogami.gal/>) entidade do consorcio de Rumbo, a derivación de persoas con DCA aos seus servizos de adecuación e adaptación para a valoración por parte das técnicas de accesibilidade.


Equipo profesional

As numerosas e regulares accións que sosteñen o Proxecto Rumbo están a ser posibles grazas ao traballo dun equipo conformado por **11 profesionais**, entre as que se atopan a persoa coordinadora, catro traballadoras con formación en logopedia e terapia ocupacional destinadas a prestar servizos de atención directa e outras seis profesionais con perfil técnico encargadas de tarefas de apoio en diversas áreas (como a formación, a educación social, o traballo socia, a comunicación...).

Archivada en:

Qué hacemos > Vida independiente

Recursos de Atención > Mapa de recursos > Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)



MATERIALES RELACIONADOS

Imágenes



1 de 1

(files/mscfegeadace/2023-10/2-19-37-16.admin.Sesion_GrupoDeteccionBarreiras.png)

02/10/2023

Sesión sobre accesibilidad.

[Volver](#)

[\(/index.php\)](#)

Galeras 17, 2º, Despacho 5
15705 Santiago de Compostela

881 943 148 / 659 177 709

fegadace@fegadace.org (<mailto:fegadace@fegadace.org>)

f (<https://www.facebook.com/Fegadace-356999504393047>) **twitter** (<https://twitter.com/fegadacegalicia>)

youtube (<https://www.youtube.com/user/FEGADACE>) **in** (<https://www.linkedin.com/company/5324678>)

Mapa Web (index.php?V_dir=MSC&V_mod=mapaweb) | Accesibilidad (index.php?V_dir=MSC&V_mod=showart&id=53) | Licencia (<licencia-web-fegadace-es.html>)

Aviso Legal y Política de Privacidad (index.php?V_dir=MSC&V_mod=showart&id=52) | Política de Cookies (index.php?V_dir=MSC&V_mod=showart&id=129)

Clausulado RGPD (index.php?V_dir=MSC&V_mod=showart&id=56)

El desarrollo de esta web ha sido posible gracias al mecenazgo de la Fundación Barrié y a la RSC de Edisa

Fundación Barrié

(<http://www.fundacionbarrie.org/>)

 **EDISA**

(<http://www.edisa.com/>)

 **XUNTA DE GALICIA**

(<https://www.xunta.gal/portada>)

 **XUNTA DE GALICIA** | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

(<https://www.xunta.gal/politica-social>)

 **XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

(<https://www.xunta.gal/ceei>)

 **Deputación DA CORUÑA**

(<https://www.dicoruna.es/portada/>)



Fundación "la Caixa"

(<https://fundacionlacaixa.org/es/home>)

renfe

(<https://www.renfe.com/es/gl>)